

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15024902	CEIP Plurilingüe Wenceslao Fernández Flórez	A Coruña	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Ciencias Sociais	1º Pri.	2	70

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	7
4.1. Concrecións metodolóxicas	15
4.2. Materiais e recursos didácticos	16
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	17
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	17
6. Medidas de atención á diversidade	18
7.1. Concreción dos elementos transversais	19
7.2. Actividades complementarias	20
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	21
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	23
9. Outros apartados	23

1. Introducción

O Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, enuncia entre os obxectivos da etapa o "h": coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura.

Este é o obxectivo máis relacionado coa área de Ciencias Sociais, que se concibe co obxectivo de que as nenas e os nenos cheguen a ser persoas activas, responsables e respectuosas coa súa contorna próxima e afastada; capaces de enfrontarse aos retos do século XXI.

Para lograr isto, o alumnado debe adquirir conceptos, destrezas e actitudes relacionadas co uso fiable das fontes de información e coa educación para o desenvolvemento sustentable e a cidadanía global, destacando os ODS da Axenda 2030, presentes en todas as áreas curriculares.

O Decreto 155/2022 engloba en catro bloques os seus contidos: "Ciencia e tecnoloxía", "O mundo e o desenvolvemento sostible", "Vivir en sociedade" e "Leccións do pasado". Serán traballados dun xeito intradisciplinar e interdisciplinar.

Para o contexto concreto do centro, hai que destacar que o tren como medio de transporte será o fío condutor, xa que se traballará sobre o mesmo de forma interdisciplinaria en todas as materias e, ademais, é o grande protagonista da área de Proxecto Competencial. Nesta área, traballaremos a importancia do tren como medio de transporte, unha breve historia para concienciar sobre á súa necesidade e, tamén, das vantaxes e inconvenientes que supón utilizalo para o desenvolvemento sostible.

Así, esta programación didáctica está dirixida aos dous grupos que conforman o nivel, moi heteroxéneos, de 25 alumnos e alumnas de entre 5 e 6 anos de idade cada un. Debido ás súas características, destacando que a maioría son moi inquedos, terá moito peso, sobre todo no primeiro trimestre, o traballo das normas e os hábitos de traballo dentro do marco da acción tutorial que se desenvolve de xeito integrado en todas as áreas. Cómpre destacar tamén o énfase que se fará no vocabulario en lingua galega, xa que o 100% do alumnado é castelanfalante e hai algúns e algunhas que amosan mesmo rexeitamento ao seu emprego.

Empregarase, principalmente, o traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, prestando atención ao asentamento das normas básicas para traballar deste modo ao principio do curso. A área de Ciencias Sociais ten contidos que, traballados mediante dinámicas de grupo e xogos, resultan moito máis motivadores.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura, responsable e eficiente, para buscar información, comunicarse e traballar de maneira individual, en equipo e en rede.	3		4	1-2-3-4-5				4
OBX2 - Expor e dar resposta a cuestións científicas sinxelas, utilizando diferentes técnicas, instrumentos e modelos propios do pensamento científico, para interpretar e explicar feitos e fenómenos que ocorren no medio natural, social e cultural.	1-2-3		2-4	1-2		4		

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX3 - Identificar as características dos diferentes elementos ou sistemas do medio natural, social e cultural, analizando a súa organización e propiedades e establecendo relacións entre estes, para recoñecer o valor do patrimonio cultural, conservalo, melloralo e emprender accións para o seu uso responsable.			1-2-4-5	1		4	1	1
OBX4 - Identificar as causas e consecuencias da intervención humana na contorna, desde os puntos de vista social, económico, cultural, tecnolóxico e ambiental, para mellorar a capacidade de afrontar problemas, buscar solucións e actuar de maneira individual e cooperativa na súa resolución, e para poñer en práctica estilos de vida sustentables e consecuentes co respecto, o coidado e a protección das persoas e do planeta.	5		2-5		4	1-3-4	1	
OBX5 - Observar, comprender e interpretar continuidades e cambios do medio natural, social e cultural, analizando relacións de causalidade, simultaneidade e sucesión, para explicar e valorar as relacións entre diferentes elementos e acontecementos.	3		4		4	1-3	2	1
OBX6 - Recoñecer e valorar a diversidade e a igualdade de xénero, mostrando empatía e respecto por outras culturas e reflexionando sobre cuestións éticas, para contribuír ao benestar individual e colectivo dunha sociedade en continua transformación e ao logro dos valores de integración europea.		3			3	1-2-3		1
OBX7 - Participar na contorna e na vida social de forma eficaz e construtiva desde o respecto aos valores democráticos, os dereitos humanos e da infancia e os principios e valores da Constitución española e a Unión Europea, valorando a función do Estado e as súas institucións no mantemento da paz e seguridade integral cidadá, para xerar interaccións respectuosas e equitativas e promover a resolución pacífica e dialogada dos conflitos.	5				1	1-2-3		1

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Divertímonos no colexio!	A primeira unidade didáctica do curso versará sobre o colexio, tendo en conta que o alumnado comeza unha nova etapa de súa escolarización. Traballaremos os diferentes lugares do colexio e realizaremos unha lista de lugares que hai noutros colexios e que no noso non temos. Tamén destacará o traballo sobre as persoas que forman parte da comunidade educativa e a importancia de respectalas, ademais das normas de aula, que elaborarán con axuda docente de forma conxunta. Outra das temáticas da unidade será a casa, a familia e as amizades, para rematar falando dos dereitos de todos os nenos e nenas do mundo.	16	12	X		
2	Como imos?	Esta segunda unidade didáctica versará sobre a mobilidade sostible e segura. Así, comezaremos traballando sobre a cidade como un espazo compartido no que temos que seguir unhas normas, especialmente de seguridade viaria, para poder convivir. Destacaremos as diferenzas entre cidade, vila e aldea. Despois, adicaremos un bo número de sesións a traballar sobre educación viaria e mobilidade sostible, tendo un bo exemplo no propio colexio, no que está a aplicarse un proxecto de educación viaria con sinais, corredores sinalizados e alumnado de 6º curso actuando de policía. Finalmente, trataremos traballos e profesións importantes para o funcionamento dunha localidade e a produción de produtos naturais e elaborados.	17	12	X		
3	Paisaxes sorprendentes	Esta unidade didáctica, xa pertencente ao segundo trimestre, versará sobre a paisaxe. O primeiro será establecer unha diferenza entre as paisaxes naturais e as humanizadas, observando diferentes exemplos ao longo do mundo grazas ás TIC. Así, introduciremos os cambios nas paisaxes e como estas poden pasar de ser naturais a humanizadas coa acción humana, e ata que límite podemos permitírnos modificar as paisaxes. Despois, dedicaremos varias sesións a tipos de paisaxes e actividades que podemos realizar neles: paisaxes de montaña, de costa... Destacando sempre que hai que gozar e realizar actividades respectuosas co medio ambiente. Finalmente,	16	11		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
3	Paisaxes sorprendentes	traballaremos a rocha como un elemento común ás paisaxes naturais e humanizadas.	16	11		X	
4	Auga e aire: elementos vitais	Esta unidade versará sobre dous elementos esenciais para a vida: o aire e a auga. Comezaremos coa auga: primeiro, trataremos a súa importancia para a vida e a súa utilidade, diferenciando entre a auga potable e a non potable. Aproveitaremos isto para traballar, precisamente, cal empregamos para beber e cal para divertirnos (auga do mar, das piscinas, parques acuáticos...). Remataremos a parte sobre auga aprendendo sobre medidas de aforro de auga e destacando que, nalgunhas partes do noso país, xa hai épocas sostidas no tempo nas que hai escasez de auga. Sobre o aire, destacaremos que é invisible e proporcionaremos ao alumnado estratexias para saber onde hai aire e onde non (experencias con globos, muíños de papel...), aproveitando así para introducir o vento. Falaremos despois das consecuencias da contaminación do aire e, finalmente, dos fenómenos atmosféricos máis habituais.	17	12		X	
5	Aprendemos do pasado	Esta unidade, xa pertencente ao terceiro trimestre, tratará sobre o paso do tempo. Comezaremos tratando conceptos como pasado, presente e futuro; antes, agora, despois... Dedicaremos tamén unha parte da unidade a traballar co calendario como un instrumento de medida do paso do tempo. Logo, pasaremos a traballar os efectos do paso do tempo sobre as persoas, aproveitando para introducir as liñas do tempo. Logo, trataremos o paso do tempo sobre os obxectos, presentando diversos exemplos de obxectos antigos, do presente e de como esperamos que sexan no futuro (teléfonos, por exemplo). Remataremos a unidade falando dun lugar no que podemos gozar do pasado e do presente: os museos.	17	11			X
6	Non hai plan B: coida o teu planeta	Na última unidade do curso, poñendo en práctica o aprendido no resto das unidades, traballaremos sobre a importancia do coidado do planeta. Primeiro, trataremos a Terra e o seu aspecto, aproveitando para repasar tamén tipos de paisaxes, presenza de aire e auga, cidades, contaminación... Logo falaremos da representación da Terra en mapamundis e globos terráqueos e, aproveitando isto, presentaremos ao alumnado os seis continentes, parándonos un pouco máis en Europa. Destacaremos o	17	12			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
6	Non hai plan B: coida o teu planeta	feito de que aproximadamente o 75% do noso planeta é auga, diferenciando entre a doce e a salgada, e así pasaremos á importancia de coidar o planeta, destacando especialmente o perigo de non coidar os mares, aplicando así diversidade dos coñecementos aprendidos ao longo do curso.	17	12			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Divertímonos no colexio!	12

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Mostrar curiosidade por obxectos, feitos e fenómenos próximos, formulando preguntas e realizando predicións.	Formula preguntas e realiza predicións sobre obxectos, feitos e fenómenos próximos en relación co traballado na unidade.	TI	100
CA1.5 - Establecer acordos de forma dialóxica e democrática como parte de grupos próximos á súa contorna, identificando as responsabilidades individuais e empregando unha linguaxe inclusiva e non violenta.	Emprega unha linguaxe inclusiva e non violenta, establecendo acordos dialóxicos para a resolución de conflitos.		
CA3.2 - Recoller información sobre manifestacións culturais da propia contorna, mostrando respecto a outras persoas, valorando a súa diversidade e riqueza, e apreciándoa como fonte de aprendizaxe.	Valora a diversidade das diferentes persoas da contorna educativa e aprecia o traballo que realizan.		
CA3.3 - Mostrar actitudes que fomenten a igualdade de xénero e as condutas non sexistas recoñecendo modelos positivos na contorna próxima.	Mostra actitudes que fomenten a igualdade de xénero e amosa disposición a corrixir as condutas sexistas que poida presentar.		
CA3.5 - Coñecer e interiorizar normas básicas para a convivencia no uso de espazos públicos, especialmente como peóns ou como usuarios dos medios de locomoción, tomando conciencia da importancia da mobilidade segura, saudable e sustentable tanto para as persoas como para o planeta.	Coñecer as normas de convivencia na aula e no centro educativo e explicar a súa importancia.		
CA4.2 - Ordenar temporalmente feitos da contorna social e cultural próxima, empregando nocións básicas de medida e sucesión.	Ordena temporalmente diferentes actividades que realiza ao longo do día.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións. - Ocupación e traballo. Identificación das principais actividades profesionais e laborais de mulleres e homes na contorna. - Propostas de traballo que xurdan dunha situación problema, acontecemento ou inquietude da contorna que os rodea. Estratexias de traballo individual e cooperativo. - Identidade e ámbitos de pertenza: familia, escola, aldea/vila/barrio e cidade, Galicia. Festas tradicionais galegas e gastronomía popular. - A escola: organización escolar, os membros e os seus roles, espazos físicos e recursos. - Os deberes e dereitos das persoas. A asemblea de clase como momento para a reflexión, o diálogo, a escoita activa e a resolución pacífica de conflitos. - Igualdade de xénero e conduta non sexista. - A vida en colectividade. A familia. Diversidade familiar. Compromisos, corresponsabilidade, participación e normas na contorna familiar, veciñal e escolar. Prevención, xestión e resolución dialogada de conflitos. - A percepción do tempo. Conceptos temporais básicos: antes, despois, durante, pasado, presente e futuro.

UD	Título da UD	Duración
2	Como imos?	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura e de acordo coas necesidades do contexto educativo.	Emprega dispositivos e recursos dixitais propostos de forma segura, con guía docente.	TI	100
CA1.2 - Mostrar curiosidade por obxectos, feitos e fenómenos próximos, formulando preguntas e realizando predicións.	Formula preguntas e realiza predicións sobre obxectos, feitos e fenómenos próximos en relación co traballado na unidade.		
CA1.3 - Buscar información sinxela de diferentes fontes seguras e fiables de forma guiada, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural, social e cultural.	Procura información sinxela de fontes bibliográficas e dixitais de forma guiada, fai uso dela e a organiza para realizar unha breve investigación.		
CA2.3 - Mostrar estilos de vida sustentable e valorar a importancia do respecto, os coidados, a corresponsabilidade e a protección dos elementos e seres do planeta, identificando a relación da vida das persoas coas súas accións sobre os elementos e recursos do medio como o chan e a auga.	Identifica estilos de vida sustentable en relación á mobilidade polas cidades, recoñecendo medidas para protexer o medio natural.		
CA3.2 - Recoller información sobre manifestacións culturais da propia contorna, mostrando respecto a outras persoas, valorando a súa diversidade e riqueza, e apreciándoa como fonte de aprendizaxe.	Valora o traballo de diferentes persoas que axudan a facer das cidades espazos máis seguros e sostibles.		
CA3.3 - Mostrar actitudes que fomenten a igualdade de xénero e as condutas non sexistas recoñecendo modelos positivos na contorna próxima.	Mostra actitudes que fomenten a igualdade de xénero e amosa disposición a corrixir as condutas sexistas que poida presentar.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.5 - Coñecer e interiorizar normas básicas para a convivencia no uso de espazos públicos, especialmente como peóns ou como usuarios dos medios de locomoción, tomando conciencia da importancia da mobilidade segura, saudable e sustentable tanto para as persoas como para o planeta.	Coñece as normas básicas de seguridade viaria e explica brevemente a importancia que ten a mobilidade segura, saudable e sustentable para as persoas e o planeta.		
CA4.1 - Mostrar actitudes de respecto ante o patrimonio natural e cultural, recoñecéndoo como un ben común.	Respecta o patrimonio natural e cultural presente na súa contorna próxima e recoñece o seu valor.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Procedementos de indagación adecuados ás necesidades da investigación (observación no tempo, identificación e clasificación, procura de patróns...). - Instrumentos e dispositivos apropiados para realizar observacións e medicións de acordo coas necesidades das diferentes investigacións elementais sobre diversos aspectos da contorna social e da súa propia persoa, empregando persoais e modelos. - Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións. - A curiosidade e a iniciativa na realización das diferentes investigacións. - Propostas de traballo que xurdan dunha situación problema, acontecemento ou inquietude da contorna que os rodea. Estratexias de traballo individual e cooperativo. - Estilos de vida sustentable. O uso da auga, a mobilidade sustentable e a xestión dos residuos. - Identidade e ámbitos de pertenza: familia, escola, aldea/vila/barrio e cidade, Galicia. Festas tradicionais galegas e gastronomía popular. - A escola: organización escolar, os membros e os seus roles, espazos físicos e recursos. - Os deberes e dereitos das persoas. A asemblea de clase como momento para a reflexión, o diálogo, a escoita activa e a resolución pacífica de conflitos. - Igualdade de xénero e conduta non sexista. - Seguridade viaria. Normas básicas nos desprazamentos como peóns e usuarios dos medios de transporte. - Medida do tempo na vida cotiá e as súas equivalencias. Unidades temporais básicas (día, semana, mes, ano) situando acontecementos da historia persoal e identificando cambios que se producen ao longo do tempo.

UD	Título da UD	Duración
3	Paisaxes sorprendentes	11

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura e de acordo coas necesidades do contexto educativo.	Emprega dispositivos e recursos dixitais propostos de forma segura, con guía docente.	TI	100
CA1.4 - Participar en experimentos pautados ou guiados, cando a investigación o requira, utilizando diferentes técnicas sinxelas de indagación, empregando de forma segura instrumentos e rexistrando as observacións de forma clara.	Participa nun experimento pautado sobre a modificación de paisaxes, coa axuda dunha simulación dixital.		
CA2.1 - Recoñecer as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural, social e cultural a través da indagación, utilizando as ferramentas e procesos adecuados de forma pautada.	Recoñece as características principais das paisaxes naturais e humanizadas e identifica a acción humana no medio natural, social e cultural.		
CA2.2 - Recoñecer conexións sinxelas e directas entre diferentes elementos do medio natural, social e cultural por medio da observación, a manipulación e a experimentación.	Recoñece conexións sinxelas e directas entre elementos da paisaxe da súa contorna próxima.		
CA3.1 - Mostrar curiosidade por obxectos, feitos e fenómenos próximos, formulando preguntas e realizando predicións.	Formula preguntas e realiza predicións sobre obxectos, feitos e fenómenos próximos en relación co traballado na unidade.		
CA4.1 - Mostrar actitudes de respecto ante o patrimonio natural e cultural, recoñecéndoo como un ben común.	Respecta o patrimonio natural e cultural presente nas paisaxes próximas e recoñece o seu valor.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Procedementos de indagación adecuados ás necesidades da investigación (observación no tempo, identificación e clasificación, procura de patróns...). - Propostas de traballo que xurdan dunha situación problema, acontecemento ou inquietude da contorna que os rodea. Estratexias de traballo individual e cooperativo. - Dispositivos e recursos da contorna dixital de aprendizaxe de acordo coas necesidades do contexto educativo. - Retos sobre situacións cotiás. Funcións básicas do pensamento espacial e temporal para a interacción co medio e a resolución de situacións da vida cotiá. Itinerarios e traxectos, desprazamentos e viaxes. - Coñecemento da nosa contorna. Paisaxes naturais e paisaxes humanizadas, e os seus elementos. A acción humana sobre o medio e as súas consecuencias. - Identidade e ámbitos de pertenza: familia, escola, aldea/vila/barrio e cidade, Galicia. Festas tradicionais galegas e gastronomía popular. - Medida do tempo na vida cotiá e as súas equivalencias. Unidades temporais básicas (día, semana, mes, ano) situando acontecementos da historia persoal e identificando cambios que se producen ao longo do tempo. - A percepción do tempo. Conceptos temporais básicos: antes, despois, durante, pasado, presente e futuro.

UD	Título da UD	Duración
4	Auga e aire: elementos vitais	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura e de acordo coas necesidades do contexto educativo.	Emprega dispositivos e recursos dixitais propostos de forma segura, con guía docente.	TI	100
CA1.3 - Buscar información sinxela de diferentes fontes seguras e fiables de forma guiada, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural, social e cultural.	Procura información sinxela de fontes bibliográficas e dixitais de forma guiada, fai uso dela e a organiza para realizar unha breve investigación.		
CA1.4 - Participar en experimentos pautados ou guiados, cando a investigación o requira, utilizando diferentes técnicas sinxelas de indagación, empregando de forma segura instrumentos e rexistrando as observacións de forma clara.	Participa nos experimentos pautados propostos na unidade en relación coa presenza no medio do aire e a auga e utiliza os instrumentos necesarios, de modo guiado, para rexistrar as observacións.		
CA2.1 - Recoñecer as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural, social e cultural a través da indagación, utilizando as ferramentas e procesos adecuados de forma pautada.	Identifica as características principais e as propiedades do aire e da auga e recoñece a súa importancia natural e social.		
CA2.2 - Recoñecer conexións sinxelas e directas entre diferentes elementos do medio natural, social e cultural por medio da observación, a manipulación e a experimentación.	Recoñece conexións sinxelas e directas entre o aire e a auga no medio natural.		
CA2.3 - Mostrar estilos de vida sustentable e valorar a importancia do respecto, os coidados, a corresponsabilidade e a protección dos elementos e seres do planeta, identificando a relación da vida das persoas coas súas accións sobre os elementos e recursos do medio como o chan e a auga.	Coñece os efectos negativos que pode ter a acción humana sobre recursos do medio como son o aire e a auga e enumera algunhas medidas de coidado e protección de ditos recursos.		
CA3.1 - Mostrar curiosidade por obxectos, feitos e fenómenos próximos, formulando preguntas e realizando predicións.	Formula preguntas e realiza predicións sobre obxectos, feitos e fenómenos próximos en relación co traballado na unidade.		
CA4.3 - Coñecer persoas e grupos sociais relevantes da historia, así como formas de vida do pasado, incorporando a perspectiva de xénero.	Coñecer algunhas formas de utilización do aire e a auga no pasado e comparalas co uso que se realiza no presente.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Procedementos de indagación adecuados ás necesidades da investigación (observación no tempo, identificación e clasificación, procura de patróns...). - Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións. - A curiosidade e a iniciativa na realización das diferentes investigacións. - Propostas de traballo que xurdan dunha situación problema, acontecemento ou inquietude da contorna que os rodea. Estratexias de traballo individual e cooperativo. - Dispositivos e recursos da contorna dixital de aprendizaxe de acordo coas necesidades do contexto educativo. - A Terra, o Sol, a Lúa e as estrelas como compoñentes da súa contorna espacial máis próximo. - A vida na Terra. Fenómenos atmosféricos e a súa repercusión nos ciclos biolóxicos e na vida diaria.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Retos sobre situacións cotiás. Funcións básicas do pensamento espacial e temporal para a interacción co medio e a resolución de situacións da vida cotiá. Itinerarios e traxectos, desprazamentos e viaxes. - Coñecemento da nosa contorna. Paisaxes naturais e paisaxes humanizadas, e os seus elementos. A acción humana sobre o medio e as súas consecuencias. - Estilos de vida sustentable. O uso da auga, a mobilidade sustentable e a xestión dos residuos. - Identidade e ámbitos de pertenza: familia, escola, aldea/vila/barrio e cidade, Galicia. Festas tradicionais galegas e gastronomía popular. - As expresións e producións artísticas da contorna próxima.

UD	Título da UD	Duración
5	Aprendemos do pasado	11

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Buscar información sinxela de diferentes fontes seguras e fiables de forma guiada, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural, social e cultural.	Procura información sinxela de fontes bibliográficas e dixitais de forma guiada, fai uso dela e a organiza para realizar unha breve investigación.	TI	100
CA1.4 - Participar en experimentos pautados ou guiados, cando a investigación o requira, utilizando diferentes técnicas sinxelas de indagación, empregando de forma segura instrumentos e rexistrando as observacións de forma clara.	Participa en experimentos sinxelos sobre o paso do tempo e rexistra o observado empregando instrumentos como unha liña do tempo.		
CA1.5 - Establecer acordos de forma dialóxica e democrática como parte de grupos próximos á súa contorna, identificando as responsabilidades individuais e empregando unha linguaxe inclusiva e non violenta.	Emprega unha linguaxe inclusiva e non violenta, establecendo acordos dialóxicos para a resolución de conflitos.		
CA2.3 - Mostrar estilos de vida sustentable e valorar a importancia do respecto, os coidados, a corresponsabilidade e a protección dos elementos e seres do planeta, identificando a relación da vida das persoas coas súas accións sobre os elementos e recursos do medio como o chan e a auga.	Recoñece a necesidade crecente de adoptar medidas de conservación da natureza, en comparación co pasado.		
CA3.1 - Mostrar curiosidade por obxectos, feitos e fenómenos próximos, formulando preguntas e realizando predicións.	Formula preguntas e realiza predicións sobre obxectos, feitos e fenómenos próximos en relación co traballado na unidade.		
CA3.4 - Identificar institucións próximas, sinalando e valorando as funcións que realizan en prol dunha boa convivencia.	Identifica institucións da súa contorna e valora as funcións que realizan para mellorar a convivencia.		
CA4.1 - Mostrar actitudes de respecto ante o patrimonio natural e cultural, recoñecéndoo como un ben común.	Respecta o patrimonio natural e cultural presente na súa contorna próxima e recoñece o seu valor.		

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.2 - Ordenar temporalmente feitos da contorna social e cultural próxima, empregando nocións básicas de medida e sucesión.	Emprega liñas de tempo para ordenar temporalmente feitos da súa contorna próxima e coñece nocións básicas de sucesión.		
CA4.3 - Coñecer persoas e grupos sociais relevantes da historia, así como formas de vida do pasado, incorporando a perspectiva de xénero.	Coñece persoas e grupos sociais relevantes da historia, que conseguiron avances en diferentes ámbitos e, con axuda, reflexiona sobre como a sociedade tende a destacar menos o traballo das mulleres, incorporando así a perspectiva de xénero.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Ocupación e traballo. Identificación das principais actividades profesionais e laborais de mulleres e homes na contorna. - Propostas de traballo que xurdan dunha situación problema, acontecemento ou inquietude da contorna que os rodea. Estratexias de traballo individual e cooperativo. - Dispositivos e recursos da contorna dixital de aprendizaxe de acordo coas necesidades do contexto educativo. - Estilos de vida sustentable. O uso da auga, a mobilidade sustentable e a xestión dos residuos. - A vida en colectividade. A familia. Diversidade familiar. Compromisos, corresponsabilidade, participación e normas na contorna familiar, veciñal e escolar. Prevención, xestión e resolución dialogada de conflitos. - Ocupación e traballo. Identificación das principais actividades profesionais e laborais de mulleres e homes na contorna. - Medida do tempo na vida cotiá e as súas equivalencias. Unidades temporais básicas (día, semana, mes, ano) situando acontecementos da historia persoal e identificando cambios que se producen ao longo do tempo. - A percepción do tempo. Conceptos temporais básicos: antes, despois, durante, pasado, presente e futuro. - As expresións e producións artísticas da contorna próxima. - Recursos e medios analóxicos e dixitais. As fontes orais e a memoria colectiva. A historia local e a biografía familiar, mulleres e homes como suxeitos da historia.

UD	Título da UD	Duración
6	Non hai plan B: coida o teu planeta	12

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura e de acordo coas necesidades do contexto educativo.	Emprega dispositivos e recursos dixitais propostos de forma segura, con guía docente.	TI	100
CA1.2 - Mostrar curiosidade por obxectos, feitos e fenómenos próximos, formulando preguntas e realizando predicións.	Formula preguntas e realiza predicións sobre obxectos, feitos e fenómenos próximos en relación co traballado na unidade.		
CA1.3 - Buscar información sinxela de diferentes fontes seguras e fiables de forma guiada, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural, social e cultural.	Procura información sinxela de fontes bibliográficas e dixitais de forma guiada, fai uso dela e a organiza para realizar unha breve investigación.		
CA2.1 - Recoñecer as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural, social e cultural a través da indagación, utilizando as ferramentas e procesos adecuados de forma pautada.	Recoñece, dun modo global, as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural, social e cultural traballados ao longo do curso.		
CA2.3 - Mostrar estilos de vida sustentable e valorar a importancia do respecto, os coidados, a corresponsabilidade e a protección dos elementos e seres do planeta, identificando a relación da vida das persoas coas súas accións sobre os elementos e recursos do medio como o chan e a auga.	Elabora, con guía docente, unha breve lista de motivos polos que é necesario coidar do noso planeta e identifica medidas a levar a cabo para establecer unha relación saudable entre as persoas e o medio.		
CA3.3 - Mostrar actitudes que fomenten a igualdade de xénero e as condutas non sexistas recoñecendo modelos positivos na contorna próxima.	Mostra actitudes que fomenten a igualdade de xénero e amosa disposición a corrixir as condutas sexistas que poida presentar.		
CA4.1 - Mostrar actitudes de respecto ante o patrimonio natural e cultural, recoñecéndoo como un ben común.	Respecta o patrimonio natural e cultural presente na súa contorna próxima e recoñece o seu valor.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Procedementos de indagación adecuados ás necesidades da investigación (observación no tempo, identificación e clasificación, procura de patróns...). - Instrumentos e dispositivos apropiados para realizar observacións e medicións de acordo coas necesidades das diferentes investigacións elementais sobre diversos aspectos da contorna social e da súa propia persoa, empregando persoais e modelos. - Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións. - A curiosidade e a iniciativa na realización das diferentes investigacións. - A Terra, o Sol, a Lúa e as estrelas como compoñentes da súa contorna espacial máis próximo. - A vida na Terra. Fenómenos atmosféricos e a súa repercusión nos ciclos biolóxicos e na vida diaria. - Estilos de vida sustentable. O uso da auga, a mobilidade sustentable e a xestión dos residuos. - Os deberes e dereitos das persoas. A asemblea de clase como momento para a reflexión, o diálogo, a escoita activa e a resolución pacífica de conflitos. - Igualdade de xénero e conduta non sexista. - A percepción do tempo. Conceptos temporais básicos: antes, despois, durante, pasado, presente e futuro.

4.1. Concrecións metodolóxicas

O Decreto 155/2022 afirma que as Ciencias Sociais deben concibirse co obxectivo de que as nenas e os nenos cheguen a ser persoas activas, responsables e respectuosas coa súa contorna máis próxima e afastada.

Á hora de poñer en práctica esta afirmación na realidade da aula, a metodoloxía é a ferramenta principal, por ser o conxunto de estratexias e accións organizadas que o profesorado planifica de forma consciente e reflexiva para posibilitar a aprendizaxe do alumnado. A metodoloxía supón a oportunidade de motivar a todo o alumnado a continuar o seu proceso de aprendizaxe.

Mel Ainscow, experto mundial en inclusión, comezaba en 2019 unha conferencia na Universidade de Manchester dicindo que a inclusión é o maior reto que teñen as escolas. Unha escola de calidade ten que afrontar os retos, non evitalos, por iso a inclusión é un dos piares metodolóxicos desta programación. Para conseguir abordar en conxunto a inclusión e a atención á diversidade, a resposta está no Deseño Universal de Aprendizaxe (DUA), con referentes a nivel internacional como David Rose e Anne Meyer; e a nivel nacional como Alba Pastor e Coral Elizondo.

Precisamente a inclusión e o DUA deben ser os piares que sustenten toda acción educativa, e destes deben ramificarse unha serie de concrecións metodolóxicas adecuadas á idade do alumnado.

O propio Decreto 155/2022, na introdución que realiza á área de Ciencias Sociais, aporta algunhas destas concrecións: o desenvolvemento dunha cultura científica baseada na indagación forma unha cidadanía con pensamento crítico, capaz de tomar decisións ante as situacións que se lle expoñen. Os procesos de indagación favorecen o traballo interdisciplinar e a relación dos diferentes coñecementos e destrezas que posúe o alumnado.

Tendo en conta isto, as concrecións metodolóxicas para esta programación son as seguintes:

- Indagación. A aprendizaxe por indagación é unha metodoloxía de ensino-aprendizaxe na que o alumnado debe atopar solucións a unha situación problema a partir dun proceso de investigación. Esta metodoloxía céntrase en afrontar problemas e no traballo colaborativo. Preténdese potenciar o traballo de habilidades requiridas para unha persoa nun mundo cambiante: buscamos formar cidadáns e cidadás resolutivas, capaces de traballar en equipo e cun pensamento crítico. Estreitamente relacionada coa introdución ao método científico necesario para a investigación e, por tanto, coa resolución de problemas relacionados co medio. Hai que ter en conta que a aprendizaxe require tempo para a asimilación e que é, por tanto, fundamental crear espazos de reflexión. Así, formularanse situacións problemas a partir das cales o alumnado deberá propoñer hipóteses que deberán ser validadas ou refutadas mediante a observación, procuras bibliográficas moi sinxelas, mediante evidencias empíricas, interpretando datos de forma guiada... A partir de aquí, deben propoñer respostas ou predicións e expoñelas de forma argumentada, sempre con adecuación á súa idade e a partir de modelos dados.

- Aprendizaxe colaborativa. Normalmente, será levada a cabo en grupos heteroxéneos de catro persoas. A complexidade do traballo colaborativo irá crescendo ao longo do curso, a medida que o alumnado avance na xestión dos seus recursos e dos conflitos que poidan aparecer. Así, será moi guiado ao principio, buscando unha progresiva autonomía. Esta aprendizaxe colaborativa estará intercalada con momentos nos que se aplicarán estruturas cooperativas. Estas son un paso intermedio entre a aprendizaxe colaborativa e a cooperativa, xa que esta última require de moitas condicións complexas para cumprilas en 1º de Primaria: para falar de aprendizaxe cooperativa, o profesorado ten que realizar unha función proactiva, distribuír ao alumnado en grupos, propoñer normas e repartir roles, entre outros aspectos. Algunhas estruturas cooperativas a aplicar serán "1-2-4", "Equipos de oíntes", "Folio xiratorio", "Lapis ao centro", "Xemellos lectores", "Reparte e aprende", "Coñecemos palabras xuntas" ou "Rallyrobin e Roundrobin".

- Filosofía para nenos e nenas, resolución de problemas de carácter social e desenvolvemento do pensamento crítico. A filosofía para nenos e nenas (FpN) é unha proposta metodolóxica e educativa, aplicable a partir dos 3 anos, que brinda aos nenos e nenas os instrumentos adecuados no momento no que comezan a facerse preguntas sobre o mundo e a súa inserción na sociedade. A partir de temas baseados na filosofía e primando a resolución de problemas de carácter social, preténdese rescatar a curiosidade e o asombro dos nenos e nenas, estimulando e desenvolvendo o seu pensamento crítico (critical thinking) e o seu pensamento complexo (high order thinking) no seo dunha metodoloxía baseada na indagación. Os membros da comunidade (o alumnado da aula) deben traballar para ser

capaces de entender o punto de vista dos demais e esforzarse solidariamente por descubrir o sentido do mundo e a sociedade na que viven. O programa FpN foi creado en 1969 por Matthew Lipman. Non pretende formar filósofos e filósofas profesionais, senón desenvolver e manter viva nos nenos e nenas a actitude crítica, creativa e reflexiva.

- Gamificación. A gamificación gañou terreo nos últimos anos grazas ao seu carácter lúdico, demostrando diferentes profesionais como Miralles Martínez e Gómez Carrasco (2020) que o seu éxito repercute na motivación do alumnado, sendo esta unha das súas máis aclamadas potencialidades. Así, en cada unidade didáctica haberá diversas actividades gamificadas. Por exemplo, o deseño de medidas e propostas para mellorar a sostibilidade da nosa cidade, asociando unha puntuación á medida segundo orixinalidade e viabilidade.

- Experiencias con simulacións virtuais. Para achegar ao alumnado a realidades que non están ao seu alcance, utilizaremos aplicacións informáticas e programas de simulación virtual. Un exemplo pode ser Stellarium, que achega unha simulación moi precisa do ceo. Tamén serán importantes Google Street View e Google Earth, que permitirán achegar ao alumnado a case calquera parte do planeta.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Taboleiros "Vexo vexo"
Mural do colexio
Recursos dixitais
Materiais e recursos elaborados por parte da persoa docente

Taboleiros "Vexo vexo" co taboleiro e unha gran ilustración, tarxetas de elementos do taboleiro e tarxetas de preguntas. Todos os taboleiros permiten xogar en dúas modalidades: con tarxetas, onde a persoa docente mostra ao alumnado as tarxetas e o alumnado busca o elemento correspondente, promovendo a atención, a observación e a percepción visual; e a modalidade con preguntas, onde o alumnado terá que descubrir a resposta en base a unha pregunta formulada sobre o taboleiro, promovendo o razoamento lóxico e a capacidade de comprensión e expresión oral. Hai catro taboleiros co seu material asociado:

- A paisaxe. O contexto de xogo deste taboleiro permite abordar contidos sobre a paisaxe (tipos, elementos), a auga (características, localización, usos), o coidado da natureza e actividades de ocio e tempo libre.
- De día e de noite. O contexto de xogo deste taboleiro permite abordar contidos sobre as partes do día, as fases da lúa, o tempo atmosférico, actividades de ocio e tempo libre e o coidado da natureza.
- A familia. O contexto de xogo deste taboleiro permite abordar contidos sobre a familia, a colaboración e a convivencia, as tarefas do fogar e a perspectiva de xénero.
- A casa. O contexto de xogo deste taboleiro permite abordar contidos sobre a vivenda (tipos de casa, cuartos, tarefas do fogar), o traballo (profesións, materiais e ferramentas) e a convivencia (respecto e colaboración).

O mural do colexio é grande e permite traballar o vocabulario asociado ao colexio: lugares, obxectos e profesións no ámbito escolar. O alumnado deberá xogar a localizar no mural os diferentes elementos e accións relacionadas cos contidos. Nalgúns casos, hai máis dun exemplo no mural. Para favorecer a expresión oral, invítase a describir o elemento ou acción que descubrisen. Hai case 50 en total.

Os recursos dixitais empregados son numerosos e poden ampliarse ao longo do curso, se se presentase unha situación na que se descubre un recurso non previsto que poida axudar ao traballo dos contidos que se está a realizar nese momento. En xeral, son os recursos do libro dixital, con actividades interactivas, vídeos, cancións e actividades de escoita e comprensión oral. O alumnado tamén ten acceso á aula virtual, que está aberta en todo momento e na que se irán subindo recursos que poderán empregar opcionalmente na casa, dirixidos ao reforzo ou á ampliación de

contidos que estamos a traballar nese momento.

Por último, quedan todos aqueles recursos materiais que pode elaborar, manual ou dixitalmente, a persoa docente ao longo do curso escolar, que respondan a unha necesidade concreta do momento. Entraría neste grupo calquera material que responda a estas características, por exemplo, tiras de palabras elaboradas dixitalmente e impresas para recortar.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A principio de curso levarase a cabo unha avaliación inicial para poder analizar cal é o punto de partida do noso alumnado e así poder establecer estratexias comúns de actuación e dar resposta á diversidade que nos atopamos na nosa aula.

Avaliaremos aspectos como: o coñecemento dos membros da súa familia e as principais persoas que traballan nun centro escolar, a identificación das partes principais dunha cidade e a diferenza cunha vila ou aldea, a identificación de elementos principais nunha paisaxe (aire, auga, montaña, praia...) e o recoñecemento de elementos artificiais nela ou o coñecemento de nocións temporais básicas (antes/despois, día/noite, mañá/tarde...). Para avaliar estes aspectos, realizaremos nas primeiras semanas actividades lúdicas e xogos para repasar conceptos relacionados coas Ciencias Sociais traballados en Infantil e relacionados coa súa contorna máis próxima.

O resultado obtido nesta avaliación inicial servirá de punto de partida para o desenvolvemento da programación, facendo fincapé naqueles aspectos nos que o alumnado presente dificultades e potenciando aqueles outros nos que destaque, co obxectivo de que cada alumna e alumno atope e desenvolva os seus talentos, poñendo en marcha así as medidas de atención á diversidade que se consideren oportunas. En todo caso, seguindo a recente Orde de 8 de setembro de 2021, nestas avaliacións iniciais trataremos de reflectir os resultados evitando as vellas expresións centradas na falta de capacidade e introducindo aquelas que destacan o que o alumnado é capaz de facer, tratando de contribuír ao cambio de paradigma do "non é capaz" ao "é capaz".

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	16	17	16	17	17	17	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100	100	100	100

Criterios de cualificación:

A totalidade dos criterios de avaliación da presente programación serán avaliados por medio dunha táboa de indicadores, da cal se levará un rexistro cunhas escalas de valoración ou con rúbricas, empregando como técnica principal a observación continua e sistemática.

A nota trimestral, no tocante o que ás unidades didácticas se refire, será a seguinte:

-1º trimestre: UD1 50% + UD2 50%.

-2º trimestre: UD3 50% + UD4 50%.

-3º trimestre: UD5 50% + UD6 50%.

O 100% da nota da avaliación final obterase do xeito seguinte, tal e como está reflectido na relación de unidades didácticas:

- UD1 16% + UD2 17% + UD3 16% + UD4 17% + UD5 17% + UD6 17%.

Cando a cualificación obtida, tanto trimestral como final, sexa un resultado con decimais, aplicarase o seguinte criterio por defecto:

- Se o decimal estivera entre 0 e 49, o número da nota enteira será o mesmo que sen decimais.
- Se o decimal estivera entre 50 e 99, o número enteiro redondearase para o inmediatamente superior.

En calquera caso, se por análise da persoa docente e/ou o conxunto da Xunta de Avaliación, a progresión do alumnado argumenta a este/a/s a conveniencia de non aplicar o anterior por defecto, atendendo a razóns pedagóxicas, isto será o que prevalecerá.

Criterios de recuperación:

Dado que se trata dun currículo competencial e tendo en conta que os obxectivos de área se traballan en todas as avaliacións parciais, a recuperación se integrará na avaliación seguinte. Os instrumentos de avaliación empregados para avaliar os obxectivos de área a través dos criterios de avaliación superarán o emprego de contidos traballados nas avaliacións previas.

Asemade, se a valoración dos criterios de cualificación se basea en determinados instrumentos, a recuperación dos obxectivos de área non acadados será avaliado a través do mesmo tipo de instrumentos de avaliación usados na avaliación suspensa. No caso de alumnado con medidas de atención á diversidade, os instrumentos adaptaranse ás súas características.

Actualizarase a cualificación no momento en que o alumnado recupere, dado que se trata dunha avaliación progresiva nun currículo en espiral.

6. Medidas de atención á diversidade

Na presente programación, as medidas de atención á diversidade seguen a liña do proposto pola recente Orde de 8 de setembro de 2022, que desenvolve o Decreto 229/2011. Así, un dos piares fundamentais que guían a acción educativa e que permiten abordar conxuntamente a atención á diversidade xunto a inclusión é o Deseño Universal de Aprendizaxe (DUA). Prestaremos atención durante o desenvolvemento das sesións ao longo do curso a cumprir cos seguintes tres principios:

- Proporcionar múltiples formas de implicación na aprendizaxe. Activar as redes afectivas. Trátase de empregar diferentes estratexias para motivar ao alumnado, manter esa motivación e facilitar a súa participación activa no proceso de ensino-aprendizaxe.
- Proporcionar múltiples formas de representación da información. Activar as redes de recoñecemento. Seguindo este principio, presentarase a información ao alumnado en soportes variados e formatos distintos, tendo en conta as diferentes vías de acceso e procesamento de dita información.
- Proporcionar múltiples formas de acción e expresión da aprendizaxe. Activar as redes estratéxicas. Seguindo este principio, ofreceremos ao alumnado diferentes posibilidades para expresar o que saben, para organizarse e para planificarse.

Exemplos de concreción do DUA na realidade na aula poden ser os seguintes: empregar diferentes temáticas e puntos de partida nas actividades para captar o interese do alumnado, utilizar o material didáctico descrito no apartado correspondente (que responde a múltiples e variadas formas de representar a información...) ou ofrecer ao alumnado a oportunidade de expresar o que sabe mediante soportes distintos: escrito, debuxo, explicación oral, deseño e/ou prototipado das ideas... Isto último é especialmente importante para atender a todos os nenos e nenas con independencia do seu nivel de madurez lectoescritora e do nivel de abstracción que alcancen (importante para as áreas científicas), que é moi heteroxéneo.

Ademais, hai que destacar que, no nivel, están a aplicarse desde o inicio de curso medidas ordinarias e extraordinarias de atención á diversidade das recollidas na Orde do 8 de setembro de 2021. Así, respecto ás medidas ordinarias, están a aplicarse e, en previsión, aplicaranse:

- Adecuación da estrutura organizativa do centro, e da organización e xestión da aula ás características do alumnado.

- Adecuación das programacións didácticas ao alumnado e ás circunstancias do seu entorno.
- Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, tutoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos e outras que promovan a inclusión.
- Adaptación dos tempos, dos instrumentos e dos procedementos de avaliación.
- Apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria.
- Programas de habilidades e competencias sociais.

Tamén está a aplicarse unha medida extraordinaria de atención á diversidade. Trátase do apoio, tanto dentro como fóra da aula, a alumnado con necesidade específica de apoio educativo por parte do profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe. Esta medida está motivada por necesidades detectadas en Infantil.

Por último, hai que destacar que, como a programación é un documento flexible, este apartado tamén o é, polo que, de ser necesario, aplicaranse novas medidas de atención á diversidade para responder a necesidades que xurdan ao longo do curso, sempre dentro das condicións e temporalización, no seu caso, establecida pola normativa en materia de atención á diversidade.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.1 - Comprensión lectora: estratexias antes, durante e despois da lectura. Comentario e opinión conxunta sobre as lecturas realizadas.	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral: produción oral espontánea e dirixida.	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual: linguaxe audiovisual e publicitaria, reflexión sobre información científica nos medios de comunicación tradicionais e os máis recentes.		X	X	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital: alfabetización mediática e informacional, necesidade de contrastar informacións para verificala correctamente.		X	X	X	X	X
ET.5 - Fomento da creatividade: deseño e prototipado de ideas, crear inventos que dean resposta a un problema sinxelo.				X	X	X
ET.6 - Igualdade entre mulleres e homes: perspectiva de xénero e rotura dos roles de xénero tradicionais. Vocacións científicas e mulleres importantes no ámbito da ciencia.	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.7 - Educación para a paz: resolución dialóxica dos conflitos.	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sustentable: día a día na aula con exemplos das merendas, o lixo xerado e o traballo nas conmemoracións relacionadas.	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Educación para a saúde: hábitos de vida saudable, importancia da dieta, do descanso e do exercicio físico.	X	X	X	X	X	X
ET.10 - Educación emocional e en valores: asembleas de clase semanal, reflexión sobre as actitudes positivas e curtametraxes ou libros para educar en valores.	X	X	X	X	X	X

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Día da seguridade viaria	Continuando co proxecto de seguridade viaria do colexio, recordaremos ao alumnado todas as sinalizacións que hai polos corredores e veremos vídeos sobre a importancia da seguridade viaria. Ademais, introduciremos a figura dos "policías" do centro, alumnado de 6º de Primaria que se presentará ante a nosa clase e explicará a súa labor de controlar que se respecten as normas de circulación polo cole nas entradas ás 9h, e nas entradas e saídas ao patio.	X	X	X
Día do aforro enerxético	Realizaremos un apagón de 10 minutos do centro, introducindo así ao alumnado na necesidade de aforrar enerxía, e creando un ambiente distinto e que chama a atención pola escuridade. Posteriormente, verán vídeos relacionados co aforro de enerxía e realizarán propostas para aforrar enerxía na súa casa e no colexio.	X	X	X

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Día Internacional da Eliminación da Violencia contra a Muller	Sempre co obxectivo de outorgar ao alumnado a perspectiva de xénero, traballaremos situacións de violencia contra a muller adaptadas á idade, considerando violencia non só as agresións físicas, senón tamén verbais, psicolóxicas e calquera tipo de discriminación sufrida a nivel histórica e que se manteña a día de hoxe. É fundamental que o alumnado acabe sendo consciente de que a igualdade efectiva e real entre mulleres e homes non está acadada.	X	X	
Día de Europa	O alumnado coñecerá máis sobre Europa, realizará procuras sinxelas de información para saber que é Europa a nivel físico e político e, por grupos, investigarán sobre un país europeo en concreto que lles chame a atención para logo presentar datos de interese sobre ese país (gastronomía, cultura, lugares emblemáticos, cidades sostibles exemplares...) aos seus compañeiros e compañeiras.			X
Samaín	Elaboración de cabazas viaxeiras e traballo sobre as orixes desta festa.	X		
Magosto	Elaboración dun castañeiro, bailes, comer castañas e xogos populares (mariola, pano, carreira de zancos...).	X		
Entroido	Seguirán as mandas do meco para traer diferentes complementos cada día á aula, ata disfrazarse por completo no día lectivo anterior ás vacacións escolares de Entroido.		X	
Día Internacional da Muller	Traballaremos a loita histórica polos dereitos da muller e a necesidade de seguir traballando para lograr a igualdade efectiva entre mulleres e homes.		X	
Semana da Prensa	Traballo con periódicos na aula.			X

Observacións:

Ao longo do curso poderán introducirse máis actividades tendo en conta os seguintes parámetros:

- Adecuación á idade.
- Adecuación aos coñecementos propios e/ou transversais.
- Implica participación activa do alumnado.
- Parte dun ou varios puntos de interese para o alumnado.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Adaptouse a práctica docente ás características do alumnado, atendendo á diversidade do grupo.

A secuenciación dos criterios e os mínimos de consecución na unidade favoreceron a súa correcta adquisición.
Tivéronse en conta as características do grupo para planificar os espazos, tempos e agrupamentos.
Os instrumentos de avaliación foron axeitados e coherentes cos criterios de avaliación.
Metodoloxía empregada
Proporcionouse ao alumnado unha retroalimentación de como evoluciona o seu proceso de aprendizaxe.
Os recursos e puntos de partida foron variados, da contorna próxima e adaptados ás características do alumnado.
Favorecéronse metodoloxías relacionadas coa indagación e a experimentación, poñendo ao alumnado en contacto co seu medio social e cultural, potenciando a aprendizaxe significativa.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Conseguíuse a participación activa do alumnado.
Empregáronse estratexias e procedementos de autoavaliación e reflexión das propias aprendizaxes do grupo.
Os recursos seleccionados foron axeitados para o correcto desenvolvemento das actividades propostas.
Medidas de atención á diversidade
Mantívose un clima de seguridade e confianza na aula.
Clima de traballo na aula
Mantívose a motivación do alumnado ao longo das actividades propostas en cada unidade didáctica.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Nas saídas didácticas (actividades complementarias ou extraescolares, de ser o caso) a planificación foi axeitada en canto a tempo, climatoloxía, desprazamento, as actividades propostas... foi axeitada
Fomentouse a comunicación e a participación activa das familias na vida da escola.
Utilizáronse de forma eficaz as TIC nas actividades correspondentes.

Descrición:

Estes indicadores de logro serán revisados e aplicados ao final de cada unha das unidades didácticas, posto que entendemos a programación como un documento aberto e necesariamente flexible ao longo do curso académico. Así, resultaría insuficiente realizar unha revisión trimestral, posto que se poden detectar carencias antes.

Así, tras cada unidade didáctica, realizarase unha reflexión a partir destes indicadores de logro. Aqueles indicadores de logro onde se considere que non se acadou o mínimo de consecución porán en marcha un mecanismo de revisión e análise para mellorar na seguinte unidade didáctica.

Ao final de cada trimestre, realizarase unha valoración global do proceso de ensino e a práctica docente, valorando os mecanismos de revisión e mellora aplicados e destacando os aspectos nos que sexa necesario incidir, de cara ao seguinte trimestre, para mellorar.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A programación é un elemento flexible, que debe adecuarse á realidade do alumnado, polo que se introducirán melloras ao longo da súa posta en práctica. O seguimento da programación realizarase principalmente en tres momentos: ao finalizar cada unidade didáctica, trimestralmente e anualmente. Teranse en conta os seguintes indicadores:

1. Responder as características do alumnado da aula.
2. Resultar útil para o uso docente na aula.
3. Seguimento da temporalización.
4. Consecución dos niveis mínimos de logro dos contidos de aprendizaxe traballados.
5. Prever mecanismos de recuperación, repaso, ampliación e reforzo.
6. Modificarse en función das necesidades de docencia ou aprendizaxe sen perder coherencia.
7. Presentar unha coherencia gradual lóxica dos obxectivos, contidos, criterios de avaliación ao longo do seu desenvolvemento.
8. Dispoñer de mecanismos de revisión e de mellora.
9. Realizar revisións periodicamente.
10. Responder aos centros de interese do alumnado do grupo.
11. Establecer relacións coas actividades extraescolares e complementarias.

Unha vez analizados estes indicadores, realizaranse modificacións na programación que poden supoñer:

- Cambios nas metodoloxías empregadas.
- Cambios nos procedementos e instrumentos de avaliación.
- Modificacións na temporalización.
- Deseño de medidas para atender ás dificultades presentadas e á diversidade xeral da aula.

9. Outros apartados